

O programa “Achégate” regula as actividades de voluntariado en hospital na xestión integrada ourensá

Un labor altruísta de apoio

ÁNGELES RODRÍGUEZ
Ourense

Orientar aos pacientes dentro do hospital, acompañalos en consultas externas, achegarles un zume ou unha infusión mentres agardan para ser atendidos ou visítalos cando están ingresados para levarlles un xornal ou xogar unha partida de cartas. Son tan só algunhas das múltiples tarefas que desenvolve o voluntariado en hospitais da provincia de Ourense. A maior parte deles fan o seu labor no Complexo Hospitalario de Ourense (CHUO), pero tamén hai entidades como a Asociación Española contra o Cancro (AECC) que conta con voluntariado no Hospital Comarcal Valdeorras (HCV) e que pensa tamén en implantalo no Verín.

No caso do CHUO existe dende o ano 2009 un programa marco de voluntariado chamado “Achégate”, que está coordinado polo servizo de Traballo Social. Con el búscase “artellar as distintas iniciativas que neste momento estanse a dar dentro do noso centro ou daquelas que poidan xurdir de aquí nun futuro, establecendo unha serie de criterios operativos comúns”, segundo indican dende este departamento. O perfil de xente ao que vai destinado é o de persoas “con carencias na rede de apoio, que nuns casos teñen familia, noutros non; pero que necesitan contar con algún nun momento de debilidade como é ir ao hospital, que tamén resulta complexo cando non tes a alguén que te axude. Esta colaboración que prestan os voluntarios é do máis variado”, sinala Belén Piñeiro Bóveda, xefa de servizo de Traballo Social da xerencia de xestión integrada de Ourense. Dentro desa colaboración destacan actualmente dúas entidades: a Cruz Vermella e a xa citada AECC.

A colaboración da Cruz Vermella Ourense co CHUO faise a través do programa de acompañamento en consultas externas, co que se busca facilitar o tránsito a consultas do hospital tanto de persoas con calquera tipo de limitación na súa autonomía, como daquelas outras que van sen acompañante. “Cóntase coa presenza de voluntarios desta entidade de xeito

permanente todos os días da semana polas mañás, e no tema da tarde xa vai en función da demanda. Está funcionando moi ben”, sinala Javier Gómez, responsable de coordinación de voluntariado no servizo de Traballo Social. “Esta colaboración nace por unha

báselles a información do lugar ao que tiñan que ir, pero iso non era suficiente no sentido de que se desorientaban ou había xente que non era capaz de asimilar esas referencias. O problema era que os funcionarios non se poden mover dese punto de información, dan



solicitude do CHUO”, lembra Natalia Belmonte, responsable do proxecto Axuda a Domicilio Complementaria da Cruz Vermella Ourense. “Eles detectaron unha necesidade e puxéronse en contacto con varias entidades para

as indicacións, pero non pode facer o acompañamento. E aí é onde se enmarca a colaboración coas entidades e, neste caso, coa Cruz Vermella”.

Dende o 2005 hai sempre un voluntario desta entidade ourensá pola se-

CARLOS G. HERVELLA



establecer unha colaboración con elas para a atención das persoas no propio hospital. Eles vían que había persoas que fan ao servizo de información do CHUO para preguntar e dende alí da-

mana durante as mañás no punto de información do CHUO, situado na planta principal. Este programa conta cuns sete voluntarios en total. “Cando se iniciou a actividade eran os funcio-

narios os que, coa súa experiencia, sabían quen ía necesitar apoio simplemente ao ver entrar esa persoa pola porta, entón dirixíanse ao voluntario e dicíanlle que a acompañase a tal servizo, pero co paso do tempo foron os propios voluntarios os que desenvolveron esa habilidade”, continúa Belmonte.

Acostuman ser persoas que van ás consultas externas soas, sen apoio nin de familiares nin de amigos, e que “ás veces teñen algunha limitación de autonomía física, ou noutros casos é un deterioro cognitivo ou simplemente os achaques propios da idade. O hospital é un entorno de ruído, de presas, no que se poñen nerviosos, xa que ir a unha consulta ten xa de por si un detonante de nerviosismo, e entón non entenden ben o que lles din”, explica a responsable do proxecto Axuda a Domicilio Complementaria. Tamén se dan situacións nas que os pacientes piden que o voluntario entre con eles na consulta ou ben que os acompañe a realizar o trámite para a seguinte consulta, “porque ás veces é un trámite un pouco complexo para o que se ten que dirixir a outro lugar e iso vólvelle a xerar confusión ao ter que desprazarse a outra planta”, apunta.

Aquelas persoas interesadas en prestar este tipo de voluntariado tan só teñen que dirixirse á Cruz Vermella e tempo con nós. Son persoas que tiveron familiares con cancro ou que pasaron pola enfermidade. Temos un perfil bastante variado”, concreta Belén Ramos.

O referente deste voluntariado é o “Carriño don Amable”. “Témolo dende o ano 2007. É un carriño que levan os voluntarios con café, infusións, caramelos, galletas, zumes... e que está financiado pola Fundación Florencio Álvarez. Os voluntarios achéganse co carriño ás consultas de oncoloxía, onde se fai radioterapia, ao hospital de día... e é un xeito de chegar á xente cun sorriso e cambiar o ambiente hospitalario, que é un pouco hostil. Cando nos ven chegar, alégranse. Toman algo, charlan con nós e preguntannos sobre o que facemos na asociación, sobre os obradoiros...”, indica a coordinadora de voluntariado da AECC na provincia. A parte diso, hai días nos que os voluntarios realizan visitas a persoas ingresadas, tras falar previamente co persoal sanitario,

Algunhas das voluntarias da Asociación Española contra o Cancro (AECC) en Valdeorras, xunto á presidenta da entidade, Gloria Pérez.

nun convenio no ano 2006. “O punto de partida foi a principios da década dos 90, cos primeiros cursos de voluntariado na asociación para logo empregar no hospital. Os voluntarios suplían funcións que os profesionais non podían facer e para as que non tiñan tempo: escoitar á xente, acompañalos e orientalos polo hospital... Así comezamos e logo xa foi formándose un programa máis grande, cun protocolo de actuación e logo cun convenio”, recorda Belén Ramos, coordinadora do voluntariado nos hospitais da AECC de Ourense.

Actualmente esta entidade dispón dunha oficina no sótano 1 (frente a

“Achégate” creouse no 2009 e nel colaboran doce entidades da provincia, entre elas a Cruz Vermella e a AECC (con voluntariado en Ourense e no Barco)

zona onde se fan as mamografías) do Hospital Santa María Nai e conta cuns 25 voluntarios no hospital ourensá de luns a venres. Algúns son universitarios, xa que a AECC ten un convenio asinado coa Universidade de Vigo, pero outros son “veteráns, levan xa tempo con nós. Son persoas que tiveron familiares con cancro ou que pasaron pola enfermidade. Temos un perfil bastante variado”, concreta Belén Ramos.

co propio paciente ou con familiares. Acompañanos ou lenlle o periódico, entre outras cousas. Tamén hai acom-



que todo sexa o máis rápido posible para que esa xente non teña longas esperas e derivámola ao servizo correspondente”, asegura Belén Ramos.

Pero a AECC non só está no CHUO. Dende o ano 2008 dispón de voluntariado no HCV, tras a creación da delegación valdeorresa desta entidade, que preside Gloria Pérez. “Son oito persoas que van dous días á semana, que son nos que se fai quimioterapia. Tamén van a planta”, di Belén Ramos. No caso de Verín de momento non existe voluntariado no hospital pola semana, “pero nun futuro si que nos gustaría estar alí”.

Belén Ramos destaca que, en xeral, hai interese social polo voluntariado. “A xente anímase a facerse voluntaria e recorre a nós, de feito en setembro houbo un curso de voluntariado en Ourense. Aqueles que estean interesados só teñen que contactar con nós no Barco ou en Ourense. Deben pasar un protocolo, primeiro teñen unha entre-



Belén Ramos, coordinadora de voluntariado da AECC na provincia.

envolver agora un novo programa: “Primeiro Impacto”, que tamén se está empezando a realizar no ámbito na-

co propio paciente ou con familiares. Acompañanos ou lenlle o periódico, entre outras cousas. Tamén hai acom-



pañamentos de voluntarios a pacientes que van facer unha analítica, a unha consulta, a unha proba... “sobre todo, a xente que está soa e que non ten apoio familiar”.

Asemade esta asociación está a des-

Voluntarias da AECC co “Carriño don Amable” no CHUO. Abaixo: un dos voluntarios da Cruz Vermella Ourense no hospital ourensá.

vista de acollida, logo outra de selección coa psicóloga e, en función do que ela considere, van colaborar nunha cousa ou noutra. De aí, pásase aos cursos de formación e logo así nase un compromiso de voluntariado en papel. A partir de aí comezan unhas prácticas tutorizadas no hospital con outro voluntario veterán durante un tempo, ata que esa persoa se vexa con máis experiencia. Despois tamén seguimos mantendo reunións formativas, de seguimento”.

Hai ademais outras asociacións que colaboran co CHUO dentro do programa Achégate. É o caso da Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer (Afaor), da Asociación Ourense de Hemofilia, da Asociación de Familiares de Persoas con Enfermidade Mental (Morea), da Asociación de Apoio ao Enfermo Renal (Alcer), do Comité Cidadán Antisida, de Aspanas, da Asociación de Larinxetomizados de Ourense (ALO), da Fundación Dorzán, da Fundación San Rosendo e do Concello de Ourense.